

**Inserción laboral
e características do emprego
dos egresados e das egresadas
da Universidade da Coruña**

Titulacións de grao e máster

cohorte 2019-2020



Observatorio Ocupacional
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

EQUIPO INVESTIGADOR

Paolo Rungo. Director do Observatorio Ocupacional – UDC.

CONTIDO

Introdución.....	7
1. Metodoloxía e datos	8
2. Inserción laboral das titulación de grao	15
2.1 Taxas de actividade, paro e emprego	15
2.2 Características do emprego.....	19
Relación entre ocupación e estudos	19
Emprego asalariado e por conta propia	25
Estabilidade laboral	27
Remuneración	27
Retención do talento en Galicia	31
3. Inserción laboral das titulación de máster	33
3.1 Taxas de actividade, paro, e emprego	33
3.2 Características do emprego.....	35
Relación entre ocupación e estudos	35
Emprego asalariado e por conta propia	35
Estabilidade laboral	36
Remuneración	37
Retención do talento en Galicia	38
Conclusións	40

INTRODUCCIÓN

O seguimento da inserción laboral dos egresados e as egresadas é unha actuación necesaria para valorar a empregabilidade das persoas que estudan na Universidade da Coruña. Con este informe o Observatorio Ocupacional pretende ofrecer unha panorámica da situación actual e, por tanto, achegar información útil para favorecer o axuste de competencias nun dos ámbitos estratéxicos de actuación da Universidade. Este estudo complementa outras fontes de información existentes, en particular, os estudos de inserción da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). As enquisas do Observatorio Ocupacional, ademais de teren en conta cuestións de interese específico para a Universidade da Coruña, buscan a representatividade da mostra a nivel de titulacións. Esta análise por titulacións permite, entre outras finalidades, cumprir os requisitos de seguimento necesarios para os sistemas de garantía da calidade. En calquera caso, o uso de toda a información dispoñible, tanto interna como externa, é o que permite valorar e contextualizar a situación da Universidade da Coruña neste ámbito.

A ACSUG facilita, mediante os seus estudos, información sobre inserción laboral, tamén en relación cos requisitos de verificación e acreditación institucionais. Estes estudos consideran, para cada cohorte, a poboación de persoas que terminaron os seus estudos aproximadamente tres anos antes da realización da enquisa. Co fin de non solapar esforzos, obter información que sexa tamén de utilidade para outros fins institucionais (en particular, relacionados cos ránkings universitarios), e realizar un seguimento lonxitudinal das distintas cohortes, este informe ofrece información acerca da cohorte de egresados e egresadas no curso 2019-2020; é dicir, un ano despois de que estas persoas finalizasen os seus estudos. Con todo, o criterio de realizar as enquisas tres anos despois da finalización dos estudos e, polo tanto, a continuidade da serie, están garantidos polos estudos realizados por ACSUG. Neste sentido, este estudo ofrece información complementaria de utilidade para a análise das dinámicas de inserción laboral do noso alumnado egresado.

O traballo de campo realizouse nun momento histórico especialmente crítico: a pandemia causada pola covid-19. Os datos obtidos non permiten valorar o efecto da pandemia sobre a inserción laboral; con todo, é evidente que o peche de actividades e, en xeral, a reducida actividade económica causada polas restricións impostas para limitar a difusión do coronavirus, poden ter un impacto sobre a transición do estudantado ao mercado laboral e mais sobre a súa mobilidade xeográfica. O seguimento desta mesma cohorte no futuro, así como das próximas cohortes de egresados e egresadas, axudarán a aclarar o impacto real destes eventos.

1. METODOLOXÍA E DATOS

Neste informe preséntanse os datos de inserción laboral de egresados e egresadas de titulacións de grao e máster da Universidade da Coruña que finalizaron as súas carreiras no curso 2019-20. A finalidade deste estudo é ofrecer información útil para a mellora das titulacións no ámbito específico do emprego e a empregabilidade dos titulados universitarios. Con este propósito, os obxectivos específicos do estudo son os seguintes.

1. Observar a inserción laboral dos egresados, con especial referencias ás taxas de actividade e paro.
2. Analizar as características do emprego dos egresados, con especial referencia á adecuación das ocupacións cos estudos, ás formas contractuais e á remuneración.
3. Observar a mobilidade xeográfica dos egresados, con especial referencia á porcentaxe de egresados que desenvolven a súa actividade profesional na provincia da Coruña e en Galicia.

Os datos refírense á situación laboral dos graduados despois de, aproximadamente, un ano dende a finalización dos seus estudos. É importante observar que a decisión de analizar a inserción a un ano da graduación implica a ruptura da serie de datos estudados polo Observatorio Ocupacional ata o momento. Esta circunstancia ten, en primeiro lugar, unha desvantaxe: a non comparabilidade dos resultados que aquí se presentan cos datos publicados para as cohortes anteriores. Con todo, esta decisión tomouse despois de considerar distintos factores. A recollida e a análise dos datos de inserción laboral constitúen requisitos para a verificación e acreditación institucionais e das titulacións. A ACSUG encárgase formalmente destes estudos e os seus informes de inserción permiten unha comparabilidade directa entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia. Por tanto, parece máis eficiente deixar a esa institución a responsabilidade de obter a información de interese a medio prazo e que cada unha das tres universidades realice as análises de curto prazo. Con todo, mentres que os datos de inserción seguen sendo de grande interese para as universidades e as persoas responsables das titulacións do sistema, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia non está a respectar nos últimos anos a periodicidade da difusión dos seus informes de inserción. Por tanto, para poder dispoñer de datos de inserción relativos aos egresados e ás egresadas da Universidade da Coruña, o Observatorio Ocupacional realizou este estudo de inserción. Para evitar solapamentos directos co traballo da ACSUG, decidiuse analizar

unha cohorte distinta de egresados e egresadas. Desta forma, en primeiro lugar, evítase entrevistar as mesmas persoas (egresados e egresadas da mesma cohorte). Segundo, os datos que difundirá a ACSUG permitirán dar continuidade á serie, debido a que a axencia mantén o criterio de entrevistar egresadas e egresados despois de tres anos da finalización dos seus estudos. Terceiro, supoñendo a continuidade do traballo da ACSUG, realizar un estudo, como o que se presenta neste informe, dunha cohorte a un ano da súa gradación, permitirá comparar os datos da mesma cohorte dentro de dous anos. Desta forma, por primeira vez, será posible a observación da mesma cohorte de egresados e egresadas a un ano e a tres anos da súa graduación. Consideramos que esta información será de grande interese para entendermos as dinámicas de inserción laboral.

O estudo realizouse mediante a administración dun cuestionario adaptado aos seus obxectivos específicos e foi deseñado tendo en conta os traballos anteriores do Observatorio Ocupacional, así como as recomendacións da Rede do Observatorio de Emprego das universidades españolas.

A poboación obxecto de estudo defínese como o total de egresados e egresadas de titulacións de grao e máster da Universidade da Coruña no curso 2019-2020, é dicir, en media, 12 meses despois da finalización dos seus estudos. Os obxectivos de representatividade da mostra supoñen tentar contactar con todas as persoas incluídas na poboación obxectivo.

O estudo realizouse mediante entrevistas telefónicas asistidas por computador durante o mes de xuño de 2021. O traballo de campo foi realizado pola empresa de estudos de mercado e realización de enquisas IDEARA S.L.. O tratamento dos datos de contacto de egresados e egresadas foi regulado mediante un contrato de tratamento de datos persoais entre a Universidade da Coruña e a empresa, de acordo coa normativa vixente.

O protocolo de contactos da enquisa preveu un mínimo de tres intentos de contacto en horas e días distintos por cada persoa seleccionada de forma aleatoria, antes de descartar de forma definitiva esa persoa para a súa inclusión na mostra. A poboación total de egresados e egresadas de grao desta cohorte ascende a 2.469 persoas de 37 titulacións distintas. A maioría destas persoas cursaron estudos da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (55 %), seguidos de Enxeñaría e Arquitectura (22 %) e Ciencias da Saúde (15 %). Ciencias e Artes e Humanidades repártense o resto de persoas graduadas.

Con referencia ás titulacións de grao, entrevistáronse 1.990 persoas, 59 da rama de coñecemento de Artes e Humanidades, 109 de Ciencias, 303 de Ciencias da Saúde, 1.070 de Ciencias Sociais e Xurídicas e 449 de Enxeñaría e Arquitectura. En total, a mostra inclúe o 80,6 % da poboación de egresados e egresadas de grao no curso 2019-2020. Para os resultados a nivel da universidade, a marxe de erro (un nivel de confianza do 95 %) é igual ao 1 %.

Na Táboa 1 detállase a composición da mostra para os estudos de grao, por titulación e sexo. A táboa inclúe a marxe de erro máximo (nivel de confianza: 95 %; $p = 0,5$; con factor de corrección de poboación finita). O número de egresados e egresadas e, por tanto, de persoas incluídas nas mostras correspondentes a algunhas titulacións é moi reducido. Esta circunstancia pode dar lugar a resultados extremos e moi variables. Ademais, unha mostra tan reducida podería permitir a identificación das persoas a partir das respostas á enquisa. Por tanto, preséntanse os resultados por titulación só naquelas cunha mostra igual ou superior a 10 persoas. Con todo, para os efectos do cálculo das medias xerais e por ramas de coñecemento, optouse por incluír no estudo todas as observacións.

A Táboa 2 presenta os datos da mostra correspondente ás titulacións de máster. Neste caso, entrevistáronse, no mesmo período que as titulacións de grao, 517 persoas dun total de 656 egresados e egresadas de máster no curso 2019-2020. A distribución por ramas é distinta da que se observa para as titulacións de grao. A rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (58 %) e Enxeñaría e Arquitectura (29 %) teñen un peso maior debido ao reducido número de persoas que cursaron un máster na rama de Ciencias da Saúde. Este estudo inclúe 59 titulacións de máster distintas, cunha media de menos de nove persoas egresadas cada unha. Esta circunstancia explica que a mostra sexa inferior a 10 persoas para 40 das 59 titulacións. Por tanto, o estudo das titulacións de máster só inclúe os resultados desagregados por rama de coñecemento.

Finalmente, é importante observar que todos os resultados que se presentan neste estudo acerca das características poboacionais son estimacións realizadas a partir dos resultados da mostra.

TÁBOA 1. POBOACIÓN E MOSTRA DE EGRESADOS E EGRESADAS NO CURSO 2019/2020. ESTUDOS DE GRAO.

	Homes		Mulleres		Total		Marxe de erro máximo
	Poboación	Mostra	Poboación	Mostra	Poboación	Mostra	
Artes e Humanidades	14	14	60	45	74	59	5.8%
Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	1	1	16	13	17	14	11.3%
Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	2	2	6	4	8	6	21.4%
Grao en Humanidades	1	1	2	2	3	3	0.0%
Grao en Información e Documentación	0		3	2	3	2	49.0%
Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	10	10	33	24	43	34	7.8%
Ciencias	45	38	84	71	129	109	3.7%
Grao en Bioloxía	34	29	54	46	88	75	4.4%
Grao en Química	11	9	30	25	41	34	7.0%
Ciencias da Saúde	80	72	282	231	362	303	2.3%
Grao en Enfermaría	19	15	107	83	126	98	4.7%
Grao en Fisioterapia	28	25	44	39	72	64	4.1%
Grao en Logopedia	7	7	55	43	62	50	6.1%
Grao en Podoloxía	16	16	34	29	50	45	4.7%
Grao en Terapia Ocupacional	10	9	42	37	52	46	5.0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	501	395	869	675	1370	1070	1.4%
Grao en Administración e Dirección de Empresas	73	60	105	83	178	143	3.6%
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	141	111	42	34	183	145	3.7%
Grao en Ciencias Empresariais	42	35	58	54	100	89	3.5%
Grao en Comunicación Audiovisual	23	19	29	20	52	39	7.9%
Grao en Dereito	47	38	138	110	185	148	3.6%
Grao en Economía	36	30	36	30	72	60	5.2%
Grao en Educación Infantil	11	9	114	97	125	106	3.7%
Grao en Educación Primaria	48	40	93	76	141	116	3.8%
Grao en Educación Social	8	8	69	58	77	66	4.6%
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	33	27	38	35	71	62	4.5%
Grao en Socioloxía	15	12	25	20	40	32	7.8%
Grao en Turismo	24	6	122	58	146	64	9.2%
Enxeñaría e Arquitectura	366	300	174	149	540	449	1.9%
Grao en Arquitectura Técnica	19	14	10	10	29	24	8.5%
Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	30	24	27	24	57	48	5.7%
Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	20	17	9	6	29	23	9.5%
Grao en Enxeñaría Eléctrica	10	9	3	3	13	12	8.2%
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	15	12	1	1	16	13	12.2%
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	14	13	4	4	18	17	5.8%
Grao en Enxeñaría Informática	98	87	23	20	121	107	3.2%
Grao en Enxeñaría Mecánica	7	7	1	1	8	8	0.0%
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	10	9	5	5	15	14	7.0%
Grao en Estudos de Arquitectura	33	27	43	36	76	63	5.1%
Grao en Náutica e Transporte Marítimo	29	16	8	6	37	22	13.5%
Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	13	9			13	9	18.9%
Grao en Tecnoloxías Mariñas	20	14	3	2	23	16	13.8%
Total	1006	819	1469	1171	2475	1990	1.0%

TÁBOA 2. POBOACIÓN E MOSTRA DE EGRESADOS E EGRESADAS NO CURSO 2019/2020. ESTUDOS DE MÁSTER.

	Homes		Mulleres		Total		Marxe de erro máximo
	Poboación	Mostra	poboación	Mostra	Poboación	Mostra	
Artes e Humanidades	7	7	18	11	25	18	12.5%
Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	1	1	5	3	6	4	31.0%
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	1	1	4	2	5	3	40.0%
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	0		3	2	3	2	49.0%
Máster Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade	5	5	6	4	11	9	14.6%
Ciencias	14	12	15	10	29	22	10.4%
Máster Universitario en Acuicultura	0		1	1	1	1	0.0%
Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	1	1	1	1	2	2	0.0%
Máster Universitario en Bioloxía Mariña	1	1	1	1	2	2	0.0%
Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	1		3	2	4	2	56.6%
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	2	2	2	1	4	3	32.7%
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	3	3	4	4	7	7	0.0%
Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial	4	3	0		4	3	32.7%
Máster Universitario en Técnicas Estatísticas	2	2	3		5	2	60.0%
Ciencias da Saúde	13	8	27	18	40	26	11.5%
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	8	6	8	5	16	11	17.1%
Máster Universitario en Discapacidade e Dependencia	4	1	12	9	16	10	19.6%
Máster Universitario en Neurociencia	1	1	1		2	1	98.0%
Máster Universitario en Xerontoloxía	0		6	4	6	4	31.0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	166	130	215	169	381	299	2.6%
Máster Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial	4	4	6	4	10	8	16.3%
Máster Universitario en Avogacía	18	12	33	28	51	40	7.3%
Máster Universitario en Banca e Finanzas	9	8	7	4	16	12	14.6%
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	7	4	5	5	12	9	17.1%
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	7	4	8	7	15	11	15.8%
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	3	2	5	3	8	5	28.7%
Máster Universitario en Economía	3	3	0		3	3	0.0%
Máster Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías	3	1	7	5	10	6	26.7%
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	3	2	6	4	9	6	24.5%
Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	5	5	1	1	6	6	0.0%
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	2	1	3	1	5	2	60.0%
Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria	1	1	12	10	13	11	12.1%
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	14	13	11	10	25	23	5.9%
Máster Universitario en Producción Xornalística e Audiovisual	6	4	10	7	16	11	17.1%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	57	51	62	53	119	104	3.4%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. Especialidade en Artes (Artes Plásticas e Visuais)	0		1	1	1	1	0.0%

	Homes		Mulleres		Total		Marxe de erro máximo
	Poboación	Mostra	poboación	Mostra	Poboación	Mostra	
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. Especialidade en Ciencias Experimentais, Matemáticas, Tecnoloxía e Educación Física (Ciencias Experimentais)	0		1	1	1	1	0.0%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. Especialidade en Ciencias Experimentais, Matemáticas, Tecnoloxía e Educación Física (Educación Física)	4	3	1	1	5	4	24.5%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. Especialidade en Ciencias Experimentais, Matemáticas, Tecnoloxía e Educación Física (Tecnoloxía)	3	1	0		3	1	98.0%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. Especialidade en Orientación Educativa (Orientación Educativa)	1	1	0		1	1	0.0%
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	3	3	10	7	13	10	15.5%
Máster Universitario en Psicopedagogía	2		10	6	12	6	29.5%
Máster Universitario en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados	3	2	3	2	6	4	31.0%
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	7	5	12	9	19	14	13.8%
Enxeñaría e Arquitectura	121	103	60	49	181	152	3.2%
Máster Universitario en Arquitectura	8	8	17	15	25	23	5.9%
Máster Universitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega	1	1	0		1	1	0.0%
Máster Universitario en Bioinformática para Ciencias da Saúde	5	3	1	1	6	4	31.0%
Máster Universitario en Ciberseguridade	2	2	0		2	2	0.0%
Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións / High Performance Computing	3	3	0		3	3	0.0%
Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	6	5	1	1	7	6	16.3%
Máster Universitario en Dirección integrada de proxectos	4	4	6	4	10	8	16.3%
Máster Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético	4	2	1	1	5	3	40.0%
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga pola Universidade da Coruña e Hochschule Magdeburg-Stendal (Fh)(Alemania)	3	2	1		4	2	56.6%
Máster Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	17	15	4	4	21	19	7.1%
Máster Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial	2	2	1	1	3	3	0.0%
Máster Universitario en Enxeñaría Industrial	15	14	6	5	21	19	7.1%
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	16	13	4	4	20	17	9.4%
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	10	8	2		12	8	20.9%
Máster Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica	10	9	6	5	16	14	9.6%
Máster Universitario en Matemática Industrial	1	1	0		1	1	0.0%
Máster Universitario en Náutica e Transporte Marítimo	8	6	5	4	13	10	15.5%
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	4	4	4	4	8	8	0.0%
Máster Universitario en Xeoinformática	2	1	0		2	1	98.0%
Total	321	260	335	257	656	517	2.0%

Tratamento dos programas de simultaneidade de estudos de grao

A Universidade da Coruña ofrece a posibilidade de cursar, de forma simultánea, pares de titulacións de grao. É importante entender como se trataron estes casos para a correcta interpretación dos resultados. Formalmente, as persoas que están matriculadas nun programa de simultaneidade de estudos considéranse estudantes de dúas titulacións e reciben, en caso de cumpriren os requisitos necesarios, dous títulos ao final das súas carreiras. A súa situación laboral podería atribuírse a cada unha das dúas carreiras (ou, posiblemente, ás dúas). É dicir, non é posible determinar cal das titulacións cursadas foi determinante, ou tivo un peso maior, no resultado final de inserción laboral. Por tanto, para efectos de cálculo dos resultados de inserción laboral de cada titulación de grao, as egresadas e os egresados con dúas titulacións inclúense nas poboación de estudantes de cada titulación. Noutras palabras, os resultados dun egresado ou egresada con dobre titulación computan para as súas dúas titulacións. Con todo, para o cálculo das medias e das porcentaxes por rama de coñecemento ou polo total de egresados e egresadas da Universidade, só se computan unha vez. Desta forma, considéranse todas as persoas que efectivamente cursaron unha titulación e, ao mesmo tempo, non se contabilizan dúas veces as mesmas observacións para agregacións de orde superior.

2. INSERCIÓN LABORAL DAS TITULACIÓN DE GRAO

2.1 TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E EMPREGO

Neste capítulo preséntanse os resultados relativos á inserción laboral das titulacións de grao. As características da poboación que se presentan son estimación a partir dos resultados da mostra. Para os efectos do cálculo das taxas de inserción laboral, considéranse “activos” ou “activas” (poboación economicamente activa) ao conxunto de egresados e egresadas que, no momento da realización da enquisa, declaran traballar por conta allea ou exercer unha actividade por conta propia, ou que, de non facelo, declaran que están a buscar de forma activa un traballo. Considéranse “ocupadas” ou “ocupados” as egresadas o os egresados que, no momento da enquisa, declararon ter un traballo por conta allea ou exercer unha actividade por conta propia. Considéranse “parados” ou “paradas” os egresados e as egresadas que na enquisa declararon non ter un emprego por conta allea ou propia e que están a buscar un traballo de forma activa. A inserción laboral estímase a partir dos datos da mostra mediante as taxas que se definen a continuación. É dicir, para a estimación das características da poboación, a expresión "número de persoas" fai referencia ao número de persoas incluídas na mostra.

$$\text{Taxa de Actividade (TA)} = \frac{\text{Número de persoas activas}}{\text{Número de persoas egresadas}}$$

$$\text{Taxa de Paro (TP)} = \frac{\text{Número de persoas paradas}}{\text{Número de persoas activas}}$$

$$\text{Taxa de Emprego (TE)} = \frac{\text{Número de persoas ocupadas}}{\text{Número de persoas egresadas}}$$

TÁBOA 3. TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E EMPREGO. ESTUDOS DE GRAO.

	TA	TP	TE
Artes e Humanidades	53,8%	50,0%	26,9%
Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	35,7%	40,0%	21,4%
Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	44,1%	66,7%	14,7%
Ciencias	41,7%	30,2%	29,1%
Grao en Bioloxía	37,8%	25,0%	28,4%
Grao en Química	47,1%	37,5%	29,4%
Ciencias da Saúde	86,8%	9,1%	78,9%
Grao en Enfermaría	96,9%	2,1%	94,9%
Grao en Fisioterapia	84,4%	5,6%	79,7%
Grao en Logopedia	86,0%	9,3%	78,0%
Grao en Podoloxía	77,8%	28,6%	55,6%
Grao en Terapia Ocupacional	78,3%	13,9%	67,4%
Ciencias Sociais e Xurídicas	66,1%	21,0%	52,2%
Grao en Administración e Dirección de Empresas	69,7%	15,2%	59,2%
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	76,6%	14,4%	65,5%
Grao en Ciencias Empresariais	78,9%	9,9%	71,1%
Grao en Comunicación Audiovisual	74,4%	41,4%	43,6%
Grao en Dereito	39,3%	32,2%	26,7%
Grao en Economía	71,7%	18,6%	58,3%
Grao en Educación Infantil	58,5%	21,0%	46,2%
Grao en Educación Primaria	61,2%	23,9%	46,6%
Grao en Educación Social	81,8%	27,8%	59,1%
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	75,8%	19,1%	61,3%
Grao en Socioloxía	45,5%	33,3%	30,3%
Grao en Turismo	77,4%	22,0%	60,4%
Enxeñaría e Arquitectura	76,3%	11,4%	67,6%
Grao en Arquitectura Técnica	100,0%	8,3%	91,7%
Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	75,0%	22,2%	58,3%
Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	65,2%	13,3%	56,5%
Grao en Enxeñaría Eléctrica	100,0%	16,7%	83,3%
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	76,9%	20,0%	61,5%
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	31,3%	0,0%	31,3%
Grao en Enxeñaría Informática	86,0%	6,5%	80,4%
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	71,4%	0,0%	71,4%
Grao en Estudos de Arquitectura	49,2%	19,4%	39,7%
Grao en Náutica e Transporte Marítimo	45,5%	30,0%	31,8%
Grao en Tecnoloxías Mariñas	93,8%	13,3%	81,3%
UDC	70,1%	17,1%	58,1%

A Táboa 3 presenta os indicadores estimados de inserción laboral por titulación e rama de coñecemento. Despois dun ano da finalización dos estudos, a taxa de actividade media de egresados e egresadas do curso 2019-20 é un pouco superior ao 70 %. Noutras palabras, ao redor

de 3 de cada 10 persoas non están ocupadas e non buscan emprego. Como se detalla máis adiante nesta sección, a maioría das persoas están inactivas porque seguen estudando. Nalgunhas titulacións, para as cales a continuación de estudos é obrigatoria ou altamente recomendada para o exercicio da profesión, ou para as cales é máis frecuente a incorporación á función pública, a taxa de actividade é especialmente baixa. Por exemplo, varios graos de Artes e Humanidades, así como os de Ciencias e algúns de Ciencias Sociais (como o grao en Dereito), presentan taxas de actividade inferiores ao 50 %. Por tanto, a interpretación das taxas de paro e emprego necesita moita cautela. En primeiro lugar, a mostra de persoas activas é reducida e a marxe de erro, elevada. Segundo, as persoas activas poderían ter características comúns que as diferencian dos seus compañeiros e compañeiras que están a estudar un máster ou están a preparar unha oposición.

A taxa de paro media estimada a un ano da finalización dos estudos alcanza o 17,1 %. A taxa de paro máis baixa rexístrase para a rama de Ciencias da Saúde (9,1 %), e a máis alta para Artes e Humanidades (50,0 %), que tamén, como se observa, presenta unha taxa de actividade especialmente baixa (53,8 %). Tamén se observa unha gran variabilidade entre titulacións. Hai nove titulacións cunha taxa de paro inferior ao 10 %, 3 delas cun taxa inferior ao 5 % (Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Naval e Oceánica, e Enfermaría). En xeral, estes resultados implican que, en media, máis de oito de cada dez persoas egresadas e activas da Universidade da Coruña estaban a traballar a un ano da finalización dos seus estudos.

A última columna da Táboa 3 presenta as taxas de emprego (TE), é dicir, a porcentaxe de persoas ocupadas con respecto ao total de egresadas e egresados. A taxa media para a UDC sitúase levemente por encima do 58 %, entre o mínimo de 29,1 % de Ciencias e o máximo de 78,9 % de Ciencias da Saúde. Estes valores dependen en calquera caso da baixa taxa de actividade que, á súa vez, se debe maiormente á continuación dos estudos. Por tanto, a taxa de paro constitúe neste caso unha medida máis apropiada de inserción laboral. Ademais, cabe lembrar que o traballo de campo deste estudo se realizou en xuño de 2021, cando o nivel de actividade económica se atopaba por debaixo do seu potencial debido á pandemia do coronavirus. Esta circunstancia tivo un claro efecto no mercado laboral, que se estendeu ás oportunidades de inserción laboral do alumnado egresado da UDC.

A Figura 1 presenta as taxas medias de paro por rama de estudo e para o conxunto da UDC, por xénero da persoa egresada. En xeral, non se observan diferenzas significativas nas taxas de paro por xénero, coa excepción de Ciencias da Saúde, que presenta unha taxa de paro estimada superior para os homes.




Figura 1. Taxas de paro, por rama de coñecemento e xénero. Estudos de grao.

Como xa observamos, 3 de cada 10 persoas egresadas un ano antes da enquisa nin estaban a traballar nin estaban a buscar emprego. A Táboa 4 presenta información sobre as causas da inactividade. A gran maioría (66 %) das persoas inactivas non buscan traballo porque seguen estudando. A proporción de persoas inactivas que están a estudar supera o 70 % en catro de cinco ramas de estudo, e en tres delas (Artes e Humanidades, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura), o 80 %. Na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas a porcentaxe de estudantes é menor debido ao número de persoas que están a preparar o seu acceso á función pública. Nesta rama, o 46,2 % das mulleres e o 28,1 % dos homes declararon ser inactivos porque están a preparar unha oposición. Estes resultados están condicionados, principalmente, polo comportamento das persoas graduadas nos graos en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Dereito, e nas titulacións ofrecidas pola Facultade de Ciencias da Educación. O seguimento desta mesma cohorte dentro de dous anos permitirá valorar a efectiva incorporación destas persoas á función pública.

TÁBOA 4. PERSOAS INACTIVAS E CAUSAS DA INACTIVIDADE. ESTUDOS DE GRAO.

Rama	Mostra de persoas inactivas	causas de inactividade (% das persoas inactivas)		
		Preparación oposicións	Continuación estudos	Outras causas
UDC	595	27,2%	66,4%	6,3%
Artes e Humanidades	27	16,7%	83,3%	0,0%
Ciencias	63	8,3%	85,0%	6,7%
Ciencias da Saúde	40	12,5%	72,5%	15,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	363	40,1%	53,1%	6,8%
Enxeñaría e Arquitectura	106	4,7%	92,5%	2,8%

2.2 CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO

RELACIÓN ENTRE OCUPACIÓN E ESTUDOS

Na sección 2.1 tratouse a inserción laboral sen referencia explícita á ocupación das persoas egresadas. Porén, é necesario valorar tamén as características principais dos empregos, análise que se realiza a continuación.

Co fin de analizar a adecuación das ocupacións dos egresados e das egresadas ocupadas, recorreremos a un indicador obxectivo: a ocupación desempeñada. En particular, pediuse especificar a todas as persoas ocupadas a súa ocupación, que foi reclasificada posteriormente de acordo coa Clasificación Nacional das Ocupacións (CNO). A CNO herda da clasificación internacional CIUO-08 (Clasificación Internacional Uniforme de Ocupacións, versión 2008) unha estrutura xerárquica baseada no nivel de competencias requiridas para cada gran grupo ocupacional. Nestas clasificacións non hai unha correspondencia directa entre título de estudo e grupo ocupacional. Con todo, é correcto supoñer que as ocupacións máis adecuadas para as persoas graduadas son as que requiren o maior nivel de competencias.

A CIUO-08 define catro niveles de competencias, por orde crecente (1, 2, 3 e 4). O nivel de competencia defínese como “unha medida da complexidade e diversidade de tarefas cometidas propias dunha ocupación”.

TÁBOA 5. GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS E NIVEL DE COMPETENCIAS

Grandes grupos ocupacionais	Nivel de competencias
1 - Directores e xerentes	3, 4
2- Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	4
3 - Técnicos; profesionais de apoio	3
4 - Persoal de apoio administrativo	2
5 - Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	2
6 - Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	2
7 - Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción	2
8 - Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	2
9 - Ocupacións elementais	1
0 - Ocupacións militares	1, 2, 4

Os niveis de competencias de cada ocupación asígnanse en función de distintos compoñentes: a natureza do traballo en relación coas tarefas e os labores que o caracterizan; o nivel de ensino formal necesario para desempeñar as tarefas; a cantidade de formación no emprego ou a experiencia previa que se considera necesaria.

As ocupacións do nivel de competencias 1 requiren, xeralmente, o desempeño de tarefas físicas manuais sinxelas e rutineiras. Por exemplo, inclúense aquí tarefas como limpeza, transporte manual de materiais ou recolección de hortalizas. Con respecto ao nivel de formación requirido, podería esixirse o ciclo completo de educación primaria ou primeiro ciclo de educación básica. Exemplo de ocupacións con este nivel de competencias son: limpadoras, peóns de xardinaría ou axudantes de cociña.

As ocupacións do nivel de competencias 2 esixen tarefas como manexo de maquinaria e equipos electrónicos, condución de vehículos, mantemento e reparación de equipos eléctricos e mecánicos, e a manipulación e almacenamento da información. A este nivel requírense competencias como a comprensión lectora ou a redacción de informes, á parte dun alto nivel de destrezas manuais. Polo xeral, o nivel de competencias 2 obtense co primeiro ciclo da educación secundaria, que pode incluír algún elemento de ensino profesional especializado. Algunhas ocupacións con este nivel de competencias son, por exemplo: carnicero, condutora de autobús, empregado de contabilidade, asistente de venda en tenda, peiteadora ou electricista.

As ocupacións de nivel 3 supoñen o desempeño de tarefas técnicas e prácticas complexas, que requiren un conxunto de coñecementos concretos nunha área especializada. Polo xeral, estas ocupacións requiren un alto nivel de instrución: as competencias esixidas adoitan obterse tras a finalización dos estudos nunha institución de educación superior, despois de concluír a secundaria, durante un período de 1-3 anos. Neste grupo inclúense, por exemplo: técnicos de laboratorios médicos, técnicas en sistemas de computadoras ou secretarios xurídicos.

Finalmente, as ocupacións no nivel de competencias 4 poden esixir o desempeño de tarefas que requiren a toma de decisións e a solución de problemas complexos utilizando un amplo coñecemento teórico e práctico nunha área. As tarefas inclúen, en xeral, análise e investigación, diagnóstico e tratamento de enfermidades, transmisión de coñecemento, deseño de estruturas ou maquinaria. Con respecto á formación requirida, as competencias deste nivel adóitanse obter tras a finalización do nivel superior de ensino e a obtención dun diploma ou título superior. De feito, en moitos casos, as cualificacións formais son un requisito de acceso ás ocupacións deste nivel de competencias. Por exemplo, inclúense neste grupo directores de vendas, enxeñeiras, profesoras de ensino secundario ou médicos.

Hai que destacar que os requisitos de ensinanzas formais só son unha das dimensións da medición do nivel de competencias, que se basea en primeiro lugar na natureza das tarefas desempeñadas. Ademais, o nivel de competencias dunha ocupación aplícase en consideración do nivel esixido, independentemente do nivel de competencias real das persoas que a desenvolven.

Como se pode observar na Táboa 5, os grandes grupos ocupacionais 1, 2 e 3 son os que requiren os niveis de competencias máis altos (3 e 4) e que, en xeral, requiren un nivel alto ou moi alto de instrución. Vista a relación entre niveis de competencia e grupos ocupacionais, defínese a seguinte medida de adecuación ocupacional:

$$\text{Cociente de Adecuación} = \frac{\text{Número de persoas ocupadas nos grupos ocupacionais 1, 2 e 3}}{\text{Número de persoas ocupadas}}$$

Antes de considerar esta medida de adecuación, é interesante observar a distribución das persoas ocupadas entre todos os grupos ocupacionais, por rama de coñecemento (Táboa 6). En primeiro lugar, dado que estamos a considerar persoas que finalizaron os seus estudos un ano antes da enquisa, enténdese que a proporción de persoas no grupo ocupacional 1 (directores e xerentes) sexa moi reducida. Segundo, a metade das persoas ocupadas concéntranse no grupo ocupacional 2. Este grupo comprende ocupacións que requiren, para o seu desempeño, coñecementos de alto nivel e experiencia en materia de ciencias físicas, biolóxicas, ou sociais, humanidades e artísticas. Por exemplo, inclúense aquí médicos e outros profesionais da saúde, profesores e profesoras de todos os niveis de ensino, físicos, enxeñeiras, avogadas, asesores financeiros, analistas de sistemas, economistas e xornalistas. Obsérvase que as ramas de coñecemento con maior concentración de persoas ocupadas neste grupo son Ciencias da Saúde (90,4 %) e Enxeñaría e Arquitectura (62,8 %). As que presentan porcentaxes máis baixas son Ciencias (16,7 %) e Ciencias Sociais e Xurídicas (26,0 %).

Un 20 % adicional de egresados e egresadas desempeñan a súa actividade profesional en ocupacións do grupo 3. Este grupo inclúe, por exemplo, técnicos en electrónica ou en control de procesos, capitáns e oficiais de ponte, supervisoras de industrias manufactureiras, profesionais de apoio en finanzas, axentes inmobiliarios, técnicos en redes ou programadoras informáticas. Noutras palabras, ocupacións que, en moitos casos, constitúen unha porta de acceso ao traballo, adecuada para as persoas con estudos universitarios.

A porcentaxe de persoas ocupadas no grupo 4 chega case ao 14 %. Este grupo inclúe os empregados e as empregadas de oficina. En principio, para o desempeño das tarefas asociadas a estas ocupacións non se require un alto nivel de competencias (nivel de competencias 2). Por tanto, non podemos considerar estritamente adecuadas as ocupacións incluídas neste grupo. Con todo,

enténdese que este grupo ocupacional pode constituír unha ponte de transición entre universidade e traballo. É o caso, por exemplo, dalgunhas titulacións da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, a rama coa porcentaxe máis alta de persoas ocupadas neste grupo (26,2 %). De feito, neste gran grupo ocupacional inclúense, por exemplo, empregadas de contabilidade ou de control de persoal e nóminas, caixeiros de bancos ou empregados administrativos con ou sen atención ao público. Hai que observar que ao non considerarse o gran grupo ocupacional 4 como “adequado” desde o punto de vista das competencias requiridas, esta circunstancia afecta (de forma negativa) á valoración da adecuación das ocupacións coas titulacións cursadas.

Obsérvase unha porcentaxe de ocupadas e ocupados no grupo 5 superior ao 10 % para o conxunto das titulacións de grao, e próxima ao 30 % nalgúns ramos de coñecemento. Este grupo inclúe ocupacións que requiren un baixo nivel de competencias como, por exemplo, camareiras, vendedores en tendas e almacéns, operadoras de telemárketing ou coidadoras de nenos.

Finalmente, ao outro extremo da escala de niveis de competencias, obsérvase que a porcentaxe estimada media de persoas con ocupacións elementais (grupo 9) é inferior ao 1 %. É dicir, a contratación neste tipo de ocupacións pódese considerar residual.

TÁBOA 6. DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS OCUPADAS ENTRE OS GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS. ESTUDOS DE GRAO.

	Grandes grupos ocupacionais									
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Artes e Humanidades	0,0%	0,0%	50,0%	7,1%	14,3%	28,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Ciencias	0,0%	0,0%	16,7%	36,7%	13,3%	33,3%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Ciencias da Saúde	0,4%	0,0%	90,4%	3,3%	1,3%	2,9%	0,0%	0,0%	0,8%	0,8%
Ciencias Sociais e Xurídicas	0,0%	1,5%	26,0%	24,5%	26,2%	18,0%	0,4%	0,8%	1,3%	1,3%
Enxeñaría e Arquitectura	0,3%	1,3%	62,8%	27,9%	2,7%	2,7%	0,0%	1,3%	0,7%	0,3%
UDC	0,2%	1,1%	50,0%	21,0%	13,9%	11,1%	0,2%	0,7%	1,0%	0,9%

A Táboa 7 presenta o indicador de adecuación da ocupación, antes definido, por estudo e xénero. Para o conxunto da UDC, esta taxa supera o 70 %. É dicir, aproximadamente 7 de cada 10 persoas ocupadas despois dun ano da finalización dos seus estudos, traballan en ocupacións co nivel de competencias requirido 3 ou 4 e que, por tanto, podemos considerar adecuadas á súa formación. Como xa observamos, a adecuación sería superior en caso de considerar adecuadas algunhas ocupacións do grupo 4 en que traballan, sobre todo, egresadas e egresados da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas.

TÁBOA 7. ADECUACIÓN DA OCUPACIÓN, POR XÉNERO. ESTUDOS DE GRAO.

	Cociente de adecuación da ocupación		
	Homes	Mulleres	Total
Artes e Humanidades	50,0%	58,3%	57,1%
Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios		66,7%	66,7%
Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,0%	25,0%	20,0%
Ciencias	66,7%	50,0%	53,3%
Grao en Bioloxía	75,0%	47,1%	52,4%
Grao en Química	50,0%	62,5%	60,0%
Ciencias da Saúde	92,5%	94,1%	93,7%
Grao en Enfermaría	100,0%	97,5%	97,8%
Grao en Fisioterapia	100,0%	96,8%	98,0%
Grao en Logopedia	66,7%	91,7%	89,7%
Grao en Podoloxía	88,9%	81,3%	84,0%
Grao en Terapia Ocupacional	71,4%	91,7%	87,1%
Ciencias Sociais e Xurídicas	58,8%	47,2%	52,0%
Grao en Administración e Dirección de Empresas	53,8%	40,0%	46,4%
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	63,5%	61,9%	63,2%
Grao en Ciencias Empresariais	45,8%	35,0%	39,1%
Grao en Comunicación Audiovisual	70,0%	85,7%	76,5%
Grao en Dereito	81,8%	48,3%	57,5%
Grao en Economía	21,4%	23,8%	22,9%
Grao en Educación Infantil	66,7%	47,8%	49,0%
Grao en Educación Primaria	73,1%	67,9%	70,4%
Grao en Educación Social	66,7%	54,5%	56,4%
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	58,3%	42,3%	47,4%
Grao en Socioloxía	60,0%	40,0%	50,0%
Grao en Turismo	66,7%	27,6%	31,3%
Enxeñaría e Arquitectura	91,7%	91,7%	91,7%
Grao en Arquitectura Técnica	92,9%	75,0%	86,4%
Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	83,3%	100,0%	92,9%
Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	100,0%	100,0%	100,0%
Grao en Enxeñaría Eléctrica	71,4%	66,7%	70,0%
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	100,0%		100,0%
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	100,0%	100,0%	100,0%
Grao en Enxeñaría Informática	100,0%	100,0%	100,0%
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	66,7%	75,0%	70,0%
Grao en Estudos de Arquitectura	91,7%	92,3%	92,0%
Grao en Náutica e Transporte Marítimo	25,0%	0,0%	14,3%
Grao en Tecnoloxías Mariñas	81,8%	100,0%	84,6%
UDC	76,6%	68,3%	71,9%

Esta medida de adecuación é aproximadamente oito puntos porcentuais máis alta para os homes con respecto ás mulleres. Gran parte desta diferenza explícase pola maior concentración de mulleres en estudos que presentan menor adecuación. Con todo, persisten algunhas diferenzas entre homes e mulleres da mesma rama de coñecemento ou grao. A este respecto, é importante observar que, cando se analizan os resultados a nivel de grao, estas diferenzas de xénero non son estatisticamente significativas debido ao tamaño reducido da mostra. É dicir, os datos deste estudo non permiten descartar a posibilidade de que non existan diferenzas de xénero neste aspecto.

Ciencias da Saúde (93,7 %) e Enxeñaría e Arquitectura (91,7 %) presentan os cocientes de adecuación máis elevados. Estes resultados son especialmente positivos se se considera o contexto en que se producen (as restricións pola pandemia) e o tempo transcorrido desde a finalización dos estudos.

Os resultados que se presentaron apuntan á existencia dun grupo de titulacións, das ramas de Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura, cunha baixa taxa de paro e unha alta adecuación (véxase a Figura 2). As demais ramas presentan taxas de adecuación comprendidas entre o 50 % e o 60 %, e taxas de paro superiores á media da UDC. En particular, na rama de Enxeñaría e Arquitectura obsérvanse o únicas catro titulacións cun cociente de adecuación do 100 %: grao en Enxeñaría de Obras Públicas, grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática, grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e grao en Enxeñaría Informática. Aínda que é certo que para as primeiras tres titulacións o número de persoas incluídas na mostra e que traballan é igual ou inferior a dez, e a probabilidade de observar resultados extremos a partir da mostra é elevada, no caso do grao en Enxeñaría Informática o número de persoas cun emprego na mostra é superior a 70. Aínda que se trate dunha estimación, o cociente de adecuación real é sen dúbida moi próximo ao 100 %.




FIGURA 2. TAXA DE PARO E ADECUACIÓN DA OCUPACIÓN. ESTUDOS DE GRAO.

EMPREGO ASALARIADO E POR CONTA PROPIA

O 93,1 % das persoas egresadas da UDC traballa por conta allea e o 6,9 %, por conta propia (Táboa 8). As persoas que declaran traballar por conta allea concéntranse en maior medida naquelas áreas onde é máis frecuente o exercicio da profesión de forma autónoma ou en microempresas (por exemplo, certas ocupacións exercidas por profesionais da saúde). De feito, a rama de Ciencias da Saúde presenta a maior porcentaxe de autónomos ou empresarias (8,8 %).

Ademais das diferenzas entre estudos, tamén se observan diferenzas de xénero. En particular, a porcentaxe de traballadoras autónomas (5 %) é inferior á media da UDC, mentres que a dos traballadores homes por conta propia alcanza o 9,5 %.

TÁBOA 8. PERSOAS OCUPADAS POR CONTA ALLEA E POR CONTA PROPIA. ESTUDOS DE GRAO.

	Persoas ocupadas por conta allea	Persoas ocupadas por conta propia
Artes e Humanidades	92,9%	7,1%
Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	100,0%	0,0%
Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	80,0%	20,0%
Ciencias	96,7%	3,3%
Grao en Bioloxía	100,0%	0,0%
Grao en Química	90,0%	10,0%
Ciencias da Saúde	91,2%	8,8%
Grao en Enfermaría	100,0%	0,0%
Grao en Fisioterapia	90,2%	9,8%
Grao en Logopedia	84,6%	15,4%
Grao en Podoloxía	68,0%	32,0%
Grao en Terapia Ocupacional	93,5%	6,5%
Ciencias Sociais e Xurídicas	94,1%	5,9%
Grao en Administración e Dirección de Empresas	97,6%	2,4%
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	87,4%	12,6%
Grao en Ciencias Empresariais	96,9%	3,1%
Grao en Comunicación Audiovisual	88,2%	11,8%
Grao en Dereito	97,5%	2,5%
Grao en Economía	97,1%	2,9%
Grao en Educación Infantil	91,8%	8,2%
Grao en Educación Primaria	96,3%	3,7%
Grao en Educación Social	94,9%	5,1%
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	97,4%	2,6%
Grao en Socioloxía	90,0%	10,0%
Grao en Turismo	96,9%	3,1%
Enxeñaría e Arquitectura	92,4%	7,6%
Grao en Arquitectura	87,7%	12,3%
Grao en Arquitectura Técnica	72,7%	27,3%
Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	96,4%	3,6%
Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	100,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría Eléctrica	100,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	100,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	100,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría Informática	98,8%	1,2%
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	100,0%	0,0%
Grao en Estudos de Arquitectura	72,0%	28,0%
Grao en Náutica e Transporte Marítimo	100,0%	0,0%
Grao en Tecnoloxías Mariñas	100,0%	0,0%
UDC	93,1%	6,9%

ESTABILIDADE LABORAL

Co fin de analizar a precariedade laboral, preséntanse na Táboa 9 as estimacións a partir dos datos da mostra relativas á taxa de temporalidade, definida da forma seguinte:

$$\text{Taxa de temporalidade} = \frac{\text{Número de persoas ocupadas por conta allea con contratos temporais}}{\text{Número de persoas ocupadas por conta allea}}$$

Despois dun ano desde a finalización dos seus estudos, estímase que máis da metade (52,5 %) dos egresados e das egresadas da Universidade da Coruña teñen un contrato temporal. Esta elevada taxa de temporalidade é un reflexo das canles de transición das persoas graduadas ao mercado do traballo. As mulleres sofren taxas de temporalidade lixeiramente superiores.

As ramas de coñecemento con maior temporalidade estimada son as de Ciencias (62,1 %) e Ciencias da Saúde (59,6 %). Artes e Humanidades presenta unha taxa de temporalidade especialmente baixa con respecto á media (38,5 %), aínda que o limitado número de persoas que traballan por conta allea incluídas na mostra implica unha marxe de erro moi elevado.

TÁBOA 9. TAXA DE TEMPORALIDADE, POR XÉNERO. ESTUDOS DE GRAO.

	Taxa de temporalidade		Total
	Homes	Mulleres	
Artes e Humanidades	50,0%	36,4%	38,5%
Ciencias	50,0%	65,2%	62,1%
Ciencias da Saúde	61,4%	59,2%	59,6%
Ciencias Sociais e Xurídicas	46,2%	48,8%	47,8%
Enxeñaría e Arquitectura	49,5%	65,9%	54,8%
UDC	49,2%	54,9%	52,5%

REMUNERACIÓN

O 42 % das persoas ocupadas por conta allea a tempo completo ou por conta propia da mostra reciben un soldo neto comprendido entre 1.000 e 1.499 euros, o intervalo de ingresos laborais máis frecuente (Figura 3). O 32 % das persoas egresadas ocupadas da mostra reciben entre 500 e 999 euros netos mensuais. Menos frecuentes son os soldos netos mensuais comprendidos entre 1.500 e 1999 euros (15 %), maiores ou iguais a 2.000 euros (9 %) ou inferiores a 500 euros netos mensuais (2 %).

Obsérvanse diferenzas significativas por rama de coñecemento. Na Figura 4 omitíronse as ramas de Artes e Humanidades e a de Ciencias porque a mostra de persoas ocupadas a tempo completo que declararon a súa remuneración é demasiado reducida. Na rama de Ciencias só hai 19 persoas que cumpran este requisito; e na rama de Artes e Humanidades, 6. A seguinte rama con menos persoas ocupadas a tempo completo é Ciencias da Saúde, con 185.

Os soldos netos mensuais comprendidos entre 1.000 e 1.499 euros son os máis frecuentes en todas as ramas que se consideran na Figura 4. Con todo, con respecto a Ciencias Sociais e Xurídicas, tanto para Ciencias da Saúde como para Enxeñaría e Arquitectura obsérvanse soldos en media máis altos. As persoas con titulacións da rama de Ciencias da Saúde perciben os soldos máis altos. En particular, o 46 % das persoas ocupadas a tempo completo perciben máis de 1.500 euros netos mensuais despois dun ano da finalización dos seus estudos, mentres que o 24 % perciben 2000 ou máis euros netos mensuais. En comparación, só o 14 % dos egresados e egresadas de Ciencias Sociais e Xurídicas, ou o 26 % de Enxeñaría e Arquitectura perciben remuneracións iguais ou superiores a 1.500 euros netos mensuais.




FIGURA 3. DISTRIBUCIÓN DO SOLDADO NETO A TEMPO COMPLETO, POR XÉNERO. ESTUDOS DE GRAO.




FIGURA 4. DISTRIBUCIÓN DO SOLDADO NETO A TEMPO COMPLETO, POR RAMA DE COÑECIMENTO. ESTUDOS DE GRAO.




FIGURA 5. DISTRIBUCIÓN DOS EGRESADOS E DAS EGRESADAS POR LUGAR DE DESEMPEÑO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL. ESTUDOS DE GRAO.

TÁBOA 10. LUGAR DE DESEMPEÑO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL. ESTUDOS DE GRAO.

	Provincia da Coruña	Resto de Galicia	Resto de España	Outro país UE	Resto do mundo
Artes e Humanidades	78,6%	21,4%	0,0%	0,0%	0,0%
Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	80,0%	20,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Ciencias	56,7%	13,3%	30,0%	0,0%	0,0%
Grao en Bioloxía	47,6%	19,0%	33,3%	0,0%	0,0%
Grao en Química	70,0%	0,0%	30,0%	0,0%	0,0%
Ciencias da Saúde	60,7%	29,7%	9,6%	0,0%	0,0%
Grao en Enfermaría	81,7%	7,5%	10,8%	0,0%	0,0%
Grao en Fisioterapia	56,9%	39,2%	3,9%	0,0%	0,0%
Grao en Logopedia	38,5%	53,8%	7,7%	0,0%	0,0%
Grao en Podoloxía	32,0%	44,0%	24,0%	0,0%	0,0%
Grao en Terapia Ocupacional	54,8%	38,7%	6,5%	0,0%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	72,3%	14,5%	9,8%	1,9%	1,5%
Grao en Administración e Dirección de Empresas	73,5%	9,6%	14,5%	1,2%	1,2%
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	53,7%	21,1%	21,1%	3,2%	1,1%
Grao en Ciencias Empresariais	73,0%	12,7%	7,9%	1,6%	4,8%
Grao en Comunicación Audiovisual	76,5%	5,9%	11,8%	0,0%	5,9%
Grao en Dereito	60,5%	23,7%	15,8%	0,0%	0,0%
Grao en Economía	82,9%	8,6%	8,6%	0,0%	0,0%
Grao en Educación Infantil	85,7%	12,2%	0,0%	2,0%	0,0%
Grao en Educación Primaria	79,6%	11,1%	3,7%	5,6%	0,0%
Grao en Educación Social	74,4%	17,9%	2,6%	2,6%	2,6%
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	89,5%	10,5%	0,0%	0,0%	0,0%
Grao en Socioloxía	70,0%	30,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Grao en Turismo	53,1%	18,8%	21,9%	0,0%	6,3%
Enxeñaría e Arquitectura	72,2%	14,9%	11,9%	0,7%	0,3%
Grao en Arquitectura Técnica	63,6%	27,3%	9,1%	0,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	67,9%	10,7%	21,4%	0,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	61,5%	23,1%	15,4%	0,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría Eléctrica	90,0%	10,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	87,5%	0,0%	12,5%	0,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	80,0%	0,0%	20,0%	0,0%	0,0%
Grao en Enxeñaría Informática	88,4%	3,5%	7,0%	1,2%	0,0%
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	90,0%	10,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Grao en Estudos de Arquitectura	64,0%	16,0%	16,0%	0,0%	4,0%
Grao en Náutica e Transporte Marítimo	42,9%	28,6%	28,6%	0,0%	0,0%
Grao en Tecnoloxías Mariñas	53,8%	15,4%	30,8%	0,0%	0,0%
UDC	69,4%	18,0%	10,7%	1,1%	0,8%

RETENCIÓN DO TALENTO EN GALICIA

Despois dun ano da finalización dos seus estudos, o 87 % do total da mostra de egresadas e egresados da UDC que teñen un traballo desempeñan a súa actividade profesional en Galicia (Figura 5). Deste grupo, o 79,4 % traballa na provincia da Coruña (Táboa 10). A mobilidade xeográfica internacional é moi reducida e afecta a menos do 2 % das persoas ocupadas. De feito, na mostra de egresados e egresadas que analizamos ningunha persoa ocupada das ramas de Artes e Humanidades, Ciencias e Ciencias da Saúde declarou traballar no estranxeiro. A mobilidade internacional afecta en particular á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, cun 3,4 % de persoas ocupadas no estranxeiro. Con todo, como se observa coa información dispoñible tanto en Ciencias Sociais e Xurídicas como en Enxeñaría e Arquitectura hai moitos estudos de grao sen ningunha persoa ocupada no estranxeiro (e que participase na enquisa). En calquera caso, todos os resultados de mobilidade xeográfica deben contextualizarse no marco das restricións establecidas pola pandemia debida á covid-19.

As táboas 11 e 12 presentan os resultados relativos á mobilidade xeográfica desagregados por rama de estudo e xénero. Como xa se observou, en Artes e Humanidades, Ciencias e Ciencias da Saúde non hai ningunha persoa ocupada no estranxeiro. En media, non se observan na mostra diferenzas de xénero significativas con respecto á mobilidade xeográfica. Algúns resultados por rama de coñecemento apuntan a patróns de mobilidade distintos, pero estes resultados refírense a ramas cun número de persoas ocupadas máis reducido e, polo tanto, unha maior marxe de erro.

TÁBOA 11. LUGAR DE DESEMPEÑO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL. HOMES. ESTUDOS DE GRAO.

	Provincia da Coruña	Resto de Galicia	Resto de España	Outro País UE	Resto do mundo
Artes e Humanidades	50,0%	50,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Ciencias	33,3%	16,7%	50,0%	0,0%	0,0%
Ciencias da Saúde	62,3%	24,5%	13,2%	0,0%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	66,7%	16,2%	14,4%	1,9%	0,9%
Enxeñaría e Arquitectura	74,3%	13,6%	11,2%	0,5%	0,5%
UDC	68,9%	16,1%	13,3%	1,0%	0,6%

TÁBOA 12. LUGAR DE DESEMPEÑO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL. MULLERES. ESTUDOS DE GRAO.

	Provincia da Coruña	Resto de Galicia	Resto de España	Outro País UE	Resto do mundo
Artes e Humanidades	83,3%	16,7%	0,0%	0,0%	0,0%
Ciencias	62,5%	12,5%	25,0%	0,0%	0,0%
Ciencias da Saúde	60,2%	31,2%	8,6%	0,0%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	76,2%	13,4%	6,5%	2,0%	2,0%
Enxeñaría e Arquitectura	67,7%	17,7%	13,5%	1,0%	0,0%
UDC	69,8%	19,4%	8,8%	1,1%	1,0%

3. INSERCIÓN LABORAL DAS TITULACIÓN DE MÁSTER

Neste capítulo preséntanse os resultados de inserción laboral dos egresados e as egresadas de titulacións de máster da Universidade da Coruña, cohorte 2019-2020. Os indicadores utilizados están definidos no capítulo anterior e refírense aos resultados da mostra.

3.1 TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO, E EMPREGO

Nove de cada dez persoas da mostra que cursaron algunha titulación de máster, un ano despois da finalización dos seus estudos, están empregadas ou buscan emprego de forma activa (Táboa 13). Este resultado supón, con respecto ás titulacións de grao, unha taxa de actividade case 20 puntos porcentuais maior. Obsérvanse diferenzas entre ramas de coñecementos, aínda que as taxas de actividade dos egresados e as egresadas de máster son sempre superiores ás de grao. Na rama de Ciencias da Saúde a taxa de actividade alcanza o máximo de 96,2 %. A causa de inactividade máis frecuente é a preparación dunha oposición para o acceso á función pública (Táboa 14). Debido ao reducido tamaño da poboación de persoas inactivas, non é apropiado analizar as causas de inactividade por rama de coñecemento.

TÁBOA 13. TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO, E EMPREGO. ESTUDOS DE MÁSTER.

	TA	TP	TE
Artes e Humanidades	77,8%	21,4%	61,1%
Ciencias	86,4%	42,1%	50,0%
Ciencias da Saúde	96,2%	4,0%	92,3%
Ciencias Sociais e Xurídicas	87,6%	14,9%	74,6%
Enxeñaría e Arquitectura	94,7%	7,6%	87,5%
UDC	89,7%	13,4%	77,8%

TÁBOA 14. PERSOAS INACTIVAS E CAUSAS DA INACTIVIDADE. ESTUDOS DE MÁSTER.

	Mostra persoas inactivas	Causas de inactividade		
		Preparación oposicións	Continuación estudos	Outras causas
Artes e Humanidades	4	1	2	0
Ciencias	3	0	3	0
Ciencias da Saúde	1	0	1	0
Ciencias Sociais e Xurídicas	37	30	6	1
Enxeñaría e Arquitectura	8	2	5	1
UDC	45	62,3%	34,0%	3,8%

A taxa de paro media estimada a partir da mostra para todas as persoas que cursaron estudos de máster, despois dun ano da finalización dos seus estudos, alcanza o 13,4 %, unha porcentaxe inferior de case catro puntos porcentuais á taxa de paro dos egresados e das egresadas de grao (17,1 %). Neste caso, as diferenzas entre ramas de coñecemento son significativas: a taxa de paro varía dende o mínimo do 4,0 % para Ciencias da Saúde, até o máximo de 42,1 % de Ciencias.

Hai que ter un conta que as persoas que cursan un máster poden ter idades e circunstancias persoais distintas. Un aspecto relevante, tanto para a interpretación dos resultados como para unha mellor comprensión da poboación estudada, é a porcentaxe de persoas en réxime de continuación de estudos, é dicir, de persoas que comezaron o máster o mesmo ano da finalización dos seus estudos de grao ou o ano anterior (Figura 6). En media, case seis de cada dez egresados ou egresadas de máster no curso 2019-2020 empezaran un máster como continuación dos seus estudos de grao. Por tanto, máis do 40 % destas persoas principiaron o máster dous ou máis anos despois da finalización dos seus estudos de grao. Na rama de Ciencias, o 86 % das persoas egresadas de máster están clasificadas como de “continuación de estudos”. Porén, na rama de Artes e Humanidades, a mostra divídese en partes iguais entre continuación e interrupción de estudos.




FIGURA 6. DISTRIBUCIÓN DOS EGRESADOS E DAS EGRESADAS DE MÁSTER ENTRE CONTINUACIÓN E INTERRUPCIÓN DE ESTUDOS.

3.2 CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO

RELACIÓN ENTRE OCUPACIÓN E ESTUDOS

O 85,6 % das persoas da mostra ocupadas cun título de máster desempeñan unha ocupación acorde ao seu nivel de competencias (Figura 7). O indicador de adecuación ocupacional é inferior para as mulleres (83,3 %) con respecto aos homes (87,9 %). En calquera caso, os resultados medios son superiores aos observados para o caso das titulacións de grao (Táboa 7).




FIGURA 7. COCIENTE DE ADECUACIÓN DA OCUPACIÓN. ESTUDOS DE MÁSTER.

EMPREGO ASALARIADO E POR CONTA PROPIA

Con respecto ás relacións laborais, a partir dos resultados da mostra, obsérvase que a porcentaxe de empresarios ou empresarias e de traballadoras e traballadores autónomos é lixeiramente superior ao observado nas titulacións de grao (Táboa 15). O traballo por conta allea é especialmente frecuente na rama de Ciencias da Saúde, onde alcanza o 29,2 %.

TÁBOA 15. PERSOAS OCUPADAS POR CONTA ALLEA E POR CONTA PROPIA. ESTUDOS DE MÁSTER.

	Persoas ocupadas por conta allea	Persoas ocupadas por conta propia
Artes e Humanidades	100,0%	0,0%
Ciencias	90,9%	9,1%
Ciencias da Saúde	70,8%	29,2%
Ciencias Sociais e Xurídicas	90,1%	9,9%
Enxeñaría e Arquitectura	95,5%	4,5%
UDC	91,0%	9,0%

ESTABILIDADE LABORAL

A taxa de temporalidade estimada a partir da mostra para as persoas cunha titulación de máster é igual ao 62,3 % (media da UDC), e alcanza o 90 % para as persoas egresadas na rama de Ciencias (Figura 8). Estas taxas resultan mesmo máis elevadas das que se observaron para as titulacións de grao. En xeral, a temporalidade confírmase como unha característica moi frecuente para todas as persoas egresadas que acceden ao mercado laboral.




FIGURA 8. TAXA DE TEMPORALIDADE, POR RAMA DE COÑECEMENTO. ESTUDOS DE MÁSTER.

REMUNERACIÓN

A Figura 9 representa a distribución da remuneración percibida polas persoas da mostra ocupadas a tempo completo que acabaron os seus estudos de máster e de grao un ano antes da enquisa. Para ambos os niveis de estudo, a remuneración a tempo completo máis frecuente sitúase entre 1.000 e 1.500 euros netos mensuais. Con todo, as dúas distribucións están nesgadas cara a direccións opostas. Como xa se observou, o 9 % das persoas egresadas cunha titulación de grao perciben menos de 500 euros netos ao mes, mentres que case ninguén cunha titulación de máster declarou este intervalo de retribución. Ao outro extremo da distribución, o 14 % das persoas que alcanzaron o título de máster un ano antes declaran un soldo neto mensual igual ou superior a 2.000 euros. Esta porcentaxe baixa ata o 2 % para as persoas con só un título de grao. Por tanto, o salario medio dos egresados e das egresadas de máster é superior ao de egresadas e egresados de grao.




FIGURA 9. DISTRIBUCIÓN DO SOLDO NETO A TEMPO COMPLETO. ESTUDOS DE GRAO E DE MÁSTER.

A Figura 10 representa a distribución da remuneración das persoas cun título de máster, por xénero da persoa ocupada. En xeral, obsérvase que, aínda que o ingreso máis frecuente estea comprendido entre 1.000 e 1.500 euros para todas as persoas ocupadas a tempo completo, a remuneración media dos homes é superior á das mulleres.




FIGURA 10. DISTRIBUCIÓN DO SOLDADO NETO A TEMPO COMPLETO, POR XÉNERO. ESTUDOS DE MÁSTER.

RETENCIÓN DO TALENTO EN GALICIA

Como se pode observar na Táboa 16, ao redor do 87 % das persoas da mostra ocupadas que alcanzaron un título de máster durante o curso 2019-2020 traballan en Galicia, o 83 % das cales, na provincia da Coruña. Menos do 2 % traballa fóra de España, unha porcentaxe moi similar ao observado coas titulacións de grao. Non parece haber unha asociación entre nivel de estudo (grao ou máster) e mobilidade xeográfica. Das persoas cun título de máster, as que presentan máis mobilidade internacional son as que obtiveron un título da rama de Enxeñaría e Arquitectura (3,1 %). Desta rama, traballan en Galicia o 82,7 % das persoas da mostra egresadas e ocupadas. Nas ramas de Ciencias e Ciencias da Saúde, a porcentaxe estimada de persoas que desempeñan a súa actividade profesional no estranxeiro é igual a 0 %. En particular, todos os egresados e as egresadas de Ciencias da Saúde traballan en Galicia. En calquera caso, como xa se observou para o caso das titulacións de grao, os resultados en termos de mobilidade xeográfica poden estar fortemente condicionados polo contexto de restricións asociado á pandemia do coronavirus.

TÁBOA 16. LUGAR DE DESEMPEÑO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL. ESTUDOS DE MÁSTER.

	Provincia da Coruña	Resto de Galicia	Resto de España	Outro país UE	Resto do mundo
Artes e Humanidades	72,7%	9,1%	9,1%	9,1%	0,0%
Ciencias	81,8%	9,1%	9,1%	0,0%	0,0%
Ciencias da Saúde	66,7%	33,3%	0,0%	0,0%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	76,7%	11,7%	10,8%	0,4%	0,4%
Enxeñaría e Arquitectura	65,4%	17,3%	14,3%	0,8%	2,3%
UDC	72,4%	14,7%	11,2%	0,7%	1,0%

CONCLUSIÓNS

Neste informe presentáronse os resultados do estudo de inserción laboral da cohorte de egresados e egresadas da UDC 2019-2020. O estudo realizouse un ano despois da finalización dos estudos desta cohorte. O traballo de campo realizouse durante o mes de xuño de 2021, nun período de reducida actividade económica debido ás restricións impostas para limitar a difusión do coronavirus causante da covid-19. A continuación, resúmense as principais conclusións obtidas a partir dos resultados da mostra.

As taxa de actividade media da mostra é relativamente baixa para os estudos de grao, pero alcanza o 90 % para os egresados e as egresadas de máster que se inclúen na mostra (Figura 11). Tres de cada dez persoas egresadas cun título de grao non están empregadas nin buscan emprego; a maioría delas (66,4 %), decidiu continuar os seus estudos, mentres que outro 27 % está a preparar oposicións no momento da enquisa. En comparación, só o 6,4 % das persoas da mostra cun título de máster estaba a preparar unha oposición un ano despois da finalización dos seus estudos.




FIGURA 11. TAXAS DE ACTIVIDADE E PARO MEDIAS DA MOSTRA. ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER.

A taxa de paro media para as persoas egresadas de titulacións de grao, estimada un ano despois da finalización dos estudos, é igual a 17,1 %. Porén, a taxa de paro media para as titulación de máster é 13,4 %.

As taxas de paro poden parecer elevadas con respecto ás taxas de desemprego da poboación de España co mesmo nivel de estudos. Con todo, hai que ter en conta dous factores: primeiro, trátase de taxa de paro a un ano, en media, desde a finalización dos estudos; segundo, fan referencia a unha cohorte de persoas egresadas que terminaron os seus estudos durante a pandemia do coronavirus. A observación dos resultados das próximas cohortes permitirá coñecer o alcance destes factores.

As titulacións de grao e máster tamén se diferencian con respecto ao axuste entre competencias adquiridas polas persoas egresadas e competencias requiridas nas ocupacións que desempeñan (Figura 12). Para o conxunto das titulacións de grao, o 71,9 % das persoas empregadas exercían ocupacións que requiren un nivel de competencias alto, adecuado ás súas titulacións. Nas ramas de Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura, a adecuación das ocupacións supera o 90 %. Con respecto ás titulacións de máster, o 86 % das persoas empregadas traballan en ocupacións que requiren un nivel alto de competencias e a adecuación supera o 90 % nas ramas de Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura.




FIGURA 12. COCIENTE DE ADECUACIÓN ESTIMADO. ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER.

Os resultados obtidos apuntan a un efecto positivo dos estudos de máster con respecto aos estudos de grao, en termos de redución da taxa de paro e de aumento da adecuación entre estudos e emprego. Con todo, aínda que as estimación obtidas a partir da mostra son compatibles con estas afirmacións, o estudo non permite establecer ningún efecto causal. Outros factores que non se puideron ter en conta, como as características das persoas que continúan os seus estudos fronte ás que buscan emprego nada máis terminar os seus estudos, entre outros, poden desempeñar un papel relevante.

Con respecto ás características do emprego, unha porcentaxe reducida de egresados e egresadas traballa por conta propia, tanto no caso das titulacións de grao (6,9 % das persoas ocupadas) como para as de máster (9,0 %). Ademais, a taxa de temporalidade estimada supera o 50 % tanto para as titulacións de grao (52,5 %) como para as de máster (62,3 %).

Ao redor do 40 % das persoas da mostra que traballan a tempo completo, tanto con estudos de grao como de máster, gañan entre 1000 e 1500 euros netos mensuais. O 30 %, entre 1.500 e 2.000. O 14 % das persoas da mostra cun título de máster declara gañar 2.000 ou máis euros netos ao mes. Esta porcentaxe é moito máis baixa para os egresados e as egresadas de titulacións de grao (2 %).

A gran maioría das egresadas e dos egresados da mostra da UDC traballan en Galicia (grao: 87,4 %; máster: 87,1 %). A porcentaxe de persoas ocupadas que traballan no estranxeiro é moi reducida (grao: 1,9 %; máster: 1,7 %), pero cabe mencionar que os datos de mobilidade laboral poden tamén estar afectados polas restricións impostas polo novo coronavirus.